



Como estaba previsto no marco do **Proxecto EIXO_Estratexia de Inserción Xove** da liña 4 do **Plan de Emprego Local** da deputación da Coruña, estase a programar a impartición de accións formativas, específica e complementaria, do Itinerario de Información e Comunicación que inclúe o acceso ao certificado de profesionalidade de Nivel 3:

IFCD0210 DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB

(RD 1531/2011, de 31 de outubro modificado polo RD 628/2013, de 2 de agosto)

A formación teórico-práctica realizarase, nas instalacións que a empresa adxudataria ten acreditadas en **Arteixo** na **Asociación AGARIMO**, e, a data de inicio, prevista para **a última quincena de novembro**, será comunicada ao longo do proceso de selección.

A **xornada formativa obrigatoria** a desenvolver en horario de mañán, contempla as horas de formación propias do certificado de profesionalidade xunto cas horas correspondentes á formación transversal e complementaria en igualdade de oportunidades, lingua estranxeira e novas tecnoloxías, así como sesións grupais e individuais de orientación e desenvolvemento de competencias e habilidades para a inserción laboral.

O prazo de inscrición péchase o próximo **LUNS 19 DE NOVIEMBRE ás 14:00 horas.**

Só se admitirán as inscricións enviadas por **MAIL** (eixo.pel@dacoruna.gal) por cada concello antes das 14 horas dese día e que conteñan **os datos e documentación** sinalada no documento achegado, no que se detalla toda a información relativa ao itinerario que se inicia e ao proceso de inscrición e selección das persoas mozas participantes.

O noso traballo na difusión desta acción formativa e no proceso de inscrición resulta fundamental para a posta en marcha desta **Iniciativa de Emprego Xuvenil**.

Dende o concello estamos a:



- Difundir a información relativa aos prazos e ao proceso de inscrición a mocidade desempregada en xeral e ás potenciais persoas participantes no teu concello, tendo preferencia todos aqueles mozos e mozas que xa obtiveron acreditación en socorrismo a través do programa de formación en Socorrismo Acuático da Deputación da Coruña (2016/2018)
- Informar sobre a documentación a presentar no momento da inscrición e a documentación que se lle vai solicitar a cada persoa candidata para acreditar o cumprimento de requisitos.
- Informar acerca dos requisitos básicos e os específicos ás persoas interesadas en participar no proceso de selección, especialmente no tocante a posibilidade de organizar probas físicas así como o contido das mesmas.
- Revisar o formulario e o documento a dixitalizar para o envío, (non se admitirán formularios incompletos, ou que non vaian acompañados da documentación requirida ou que esta non estea actualizada)
- Enviar por correo electrónico ao seguinte enderezo eixo.pel@dacoruna.gal a documentación.

Para un mellor coñecemento das accións formativas podedes poñervos en contacto coa **Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local**, ou no teléfono **981785542**.

Tendes acceso a máis información sobre o proxecto EIXO na páxina do Plan de Emprego Local: <https://emprego.dacoruna.gal/index.php?cID=13640>



Proxecto EIXO_2018/2019
eixo.pel@dacoruna.gal

Tel. 981080507